

As escritoras Concha Blanco e María Canosa ofreceron unha cariñosa homenaxe a Neira Vilas

As Festiletras do Couto poñen en valor a literatura infantil e xuvenil

CARBALLO/LA VOZ. Os nenos son o futuro. De todo, incluso da literatura. Por iso é tan importante coidar o que len e por iso a asociación Monte Branco preparou unhas Festiletras moi enfocadas na literatura infantil e xuvenil. As xornadas de formación para o profesorado céntranse, precisamente, en ofrecerlle aos docentes pautas e propostas de reciclaxe profesional que lles sirvan para amosarlles aos alumnos o pracer da lectura e da escritura dunha forma amena e diferente. Ademais, o escritor Xabier P. Docampo, un dos máis prolíficos creadores de narracións para nenos e mozos, é o homenaxeado na edición deste ano e durante toda a semana está a manter numerosos encontros cos rapaces da comarca. Onte ocupouse das sesións de oralidade cunha velada de sucedidos e contos de medo e hoxe, ademais, ofrece-

rá unha charla aos docentes titulada *Camiños de futuro da lingua e literaturas galegas*.

A aposta polos lectores máis novos tamén quedou reflectida onte coas dúas poñentes da xornada, as escritoras Concha Blanco e María Canosa, dúas autoras con unha prolífica obra dedicada aos nenos. A primeira falou de Castelao, a segunda de Xosé Neira Vilas, o seu «Pepe Neira», un gran amigo da asociación Monte Branco que onte tamén estivo presente na Fundación Eduardo Pondal.

O autor de *Memorias dun neno labrego*, outro dos grandes traballos ao alcance dos lectores máis novos, recibiu unha cariñosa homenaxe de todos os presentes e presenciou dúas orixinais postas en escena baseadas no seus libros, a actuación musical *Lela*, de Teresa Amado e Alba Costa, e *Eu son Balbina*, de Tamara Lema.



María Canosa e Concha Blanco interviron pola tarde | CASAL

A asociación Monte Branco loita pola conservación do patrimonio cultural da comarca bergantiñá

A lareira da Casa do Cura acollerá esta noite, a partir das 20.30 horas, un dos actos principais das Festiletras e que amosa a loita emprendida pola asociación Monte Branco para a recuperación e conservación do patrimonio cultural de Bergantiños. Trátase da Polafía, unha actividade organizada en colaboración coa Asociación de Escritores en Lingua Galega, que consistirá na gravación de imaxes en formato profesional

da intervención dunha selección de copleiros e copleiras de distintos concellos. O investigador Antonio Reigosa será o encargado de moderar unha gran velada na que intervirán, entre outros, Asunción Cotello, de Cambre (Malpica); o regueifeiro Fermín Calvo, da Feira Nova (Coristanco); Aurora e Dolores Macías, cantareiras de Borneiro (Cabana), e o músico Plácido Viguere, de Neaño (Cabana).